

As colas do cometa

Huihui Cheng, María José Belenguer, Angélica V. Salvi, Kate Moore
Mércores 28 Outubro 20:30H | Igrexa de Santa María en O Viso, Redondela

EN RUTA Proxecto beneficiario do programa O teu Xacobeo

Angélica V. Salvi presenta un programa que mostra diferentes achegas femininas ao repertorio para arpa. A china Huihui Cheng, a australiana Kate Moore, a española María José Belenguer ou a propia Salvi salmantina residente en Portugal conflúen nunha proposta que reconsidera a nosa evolución cunha perspectiva de cambio profundo chea de positividade dende estéticas que abarcan dende a performance ata o minimal e combinan sons electrónicos e acústicos cunha forte marca visual.

HUIHUI CHENG (Wu-Chang, China, 1985) *As colas do cometa** (2020) para arpa preparada e lanternas
MARÍA JOSÉ BELENGUER (Castellón, 1983) *Unha nova luz** (2020) para arpa e electrónica
ANGÉLICA V. SALVI (Salamanca, 1981) *Índigo* (2020) para arpa e pedais de efectos
KATE MOORE (Oxfordshire, England, 1979) *Spin bird* (2020) para arpa solo

*Estrea mundial. Comisionada por Vertixe Sonora

Intérpretes: Angélica V. Salvi, *arpa*

A S O B R A S :

HUIHUI CHENG *As colas do cometa** (2020) para arpa preparada e lanternas
En xullo deste ano, vin cometas e po de estrelas no observatorio de Calar Alto. Foi un recordo inesquecible. Os cometas estaban lonxe e o feble feixe de luz parecía iluminar as estrelas, pero non eran tan brillantes coma as estrelas. Esta escena permanece no fondo da miña memoria. Está lonxe pero existe. Quero usar efectos sonoros e visuais para describir a miña sensación neste momento.

MARÍA JOSÉ BELENGUER *Unha nova luz A new light* (2020) para arpa e electrónica
Obra para arpa e electrónica en vivo enmarcada nun estilo e influencias minimalistas. Esta peza foi composta durante o confinamento que vivimos a partir de Marzo de 2020 e transmite sentimentos de melancolía, nostalgia, preocupación e impotencia, derivados daquela situación.

Estruturada en 3 movementos contrastantes describe certa sensación de illamento e soidade, moi presente no segundo movemento, aínda que desde unha perspectiva optimista e esperanzadora, especialmente apreciable no terceiro. A pesares de describir emocións que son consecuencia dun momento difícil, faio enfocándose na perspectiva dun futuro en que toda esta situación que vivimos quede atrás, desde unha mirada cara a unha nova luz.

ANGÉLICA V. SALVI (Salamanca, 1981) *Índigo* (2020) para arpa e pedales de efectos

En *Índigo* Angélica Vázquez Salvi continúa a súa exploración da arpa electroacústica e pedais de efectos coa colaboración de Fátima Fonte. E a penúltima peza do seu disco *Phantone*, gravado no Mosteiro de Rendufe por José Arantes no ámbito do festival *Encontrarte Amares* 2019. Producido por Alexandre Soares, mesturado por José Arantes e masterizado por Miguel Pinheiro Marques.

“Vostede xa non está aquí. E, por sorte, convirá conmigo. Porque non se trata precisamente do Royal Albert Hall ou do Salzburger Landestheater. Nin moito menos. Quizais unha pequena cabana á beira do río Uele, escarlata do óxido de ferro, vaia vostede a saber. Po, listóns roídos, o negro-azul do Congo, escorpións, as estrelas, pintura de rostro de guerra. Ou de festa. Xa non aquí, en fin, nin vostede tampouco, porque está adormecendo coa vibración. Coas mandíbulas. Tripas de antílopes, dirían os expertos, se existisen. Porque eles, tamén por sorte, deixaron de existir. Fundido, coma se fosen cera. Que raptó, que alivio celestial, que dozura solitaria, que sorte foránea, todo se esvaece. Monarquías e fronteiras, flashes e latexos, pantasma e fantasías, reloxos, repeticións, xenealoxías enteiras, o pobo azande, as tribos urbanas, os rastas, os bantus. “Bota a preocupación lonxe de ti...”

Vostede xa non está aquí e teremos que convir: iso é unha liberación. Dance. Mantéñase lonxe de si mesmo o máximo posible. Dilúase, nesa esfera foxe. Nin lembrar nin escribir, deixe que o cadro de madeira ilumine ben na pira funeraria. As escaleiras cara a tortura entre as cordas, esa é a súa voz. Que non é del nin apenas ten cor nin curvatura. Un pé aquí, un ollo alí. Ninguén escoita, ninguén sementa, non existe a posesión, o público contraeu e ten o tamaño dunha cadea. Unha cadea que crucifica ao oínte agardando dolorosamente durante todos os momentos da súa existencia terreal. Vaia, serán os pedais, serán os altosfalantes, será a primavera. Ti, ti, si, ti, a néboa, a néboa da melodía eléctrica. “Lembra alegrarte ata que chegue o día de abordar a terra ... que ama o silencio ... “ Héctor Arnau (tradución libre)

KATE MOORE (Oxfordshire, England, 1979) *Spin bird* (2020) para arpa solo

Kate Moore escribiu dúas pezas co mesmo título *Spin Bird*, paxaro que xira, unha para piano no 2008 e a que escoitaremos hoxe para arpa sóa. Ambas están inspiradas na novela *Xoan Salvador Gaivota* de Richard Bach. Do mesmo xeito que o paxaro que se afasta do rabaño para practicar e mellorar a arte de voar e mergullarse, o intérprete demostra unha técnica virtuosística modulando a velocidade a través de todas as cordas do instrumento. Esta peza céntrase no dominio da técnica do solista, insinuando o simbolismo do instrumento como un medio para o dominio propio, permitíndose así a ilusión do voo. Lémbranos que o “poder sobre un mesmo (é) mellor que mil anos de poder sobre os demais”. [2]

[1] Bach, R. *Jonathan Livingston Seagull* Nova York: Scribner 1970.

[2] Shah, I. “Cando a morte chegou a Bagdad”, *Tales of The Dervishes*, Londres: Octagon Press 1977, p.191.

A I N T É R P R E T E :

ANGÉLICA V. SALVI

Arpista española residente en Porto, Portugal.

Estudou con Maria Rosa Calvo-Manzano (España), Carrol McLaughlin (Estados Unidos) e Ernestine Stoop (Holanda). Intérprete de música experimental, nova música e improvisación en directo.

Como solista actuou en Estados Unidos e en Europa, traballando con compositores como Takayuki Rai, Anne La Berge, Richard Barret ou Joseph Waters e improvisadores como Butch Morris, Evan Parker, Han Bennink ou Michael Moore.

Actuou coa Orquestra Sinfónica "Filarmonía", Orquestra Sinfónica de Radio Televisión de España, Orquestra Sinfónica da Universidade de Arizona, Orquestra Sinfónica Casa da Música de Porto e ensembles de música contemporánea como Insomnio, Modelo 62, BrokkenFabriek e Remix.

Ten unha licenciatura no Real Conservatorio de Madrid, un máster en arpa contemporánea e un "Mestre de música NAIP para novos públicos e prácticas innovadoras" do Real Conservatorio da Haia. Actualmente traballa como profesora de arpa no Conservatorio Superior de Música de Porto, dirixe o proxecto Female Effects, é unha das integrantes de RPM Electro Traveling Band (Holanda) e tamén de Vertixe Sonora (España).

Todos os concertos e actividades teñen entrada gratuita previa **inscrición telemática con compromiso de asistencia** a través da páxina oficial de vertixe sonora e reserva dun máximo de 5 entradas por persoa ata cubrir aforamentos. Debido á pandemia COVID-19, o festival adoptou as seguintes medidas para garantir a súa seguranza:

1. Chegada á sala 20 minutos antes da hora marcada de inicio do concerto para axilizar o proceso de entrada.
2. Distanciamiento social. Non hai lugar marcado, seralle atribuído á entrada da sala, por orde de chegada, mediante indicación de persoal identificado.
3. Uso obrigatorio de máscara durante todo o evento.
4. Hixiene de mans, limpeza en alfombra desinfectante e toma de temperatura na entrada ao edificio. En caso de necesitar apoio, por favor, contacte co asistente de sala.

Finalizada a actividade espere no seu asento as indicacións do persoal de sala que regulará a saída escalonada.

VINDEIROS CONCERTOS :

Entrada libre previa inscrición telemática até completar aforamento

sábado 31.10, 20.30h | Centro Recreativo e Cultural de Torroso, Mos

DERIVACIÓN

mércores 4.11, 20.30h | Auditorio do Concello de Vigo

E-@RTS HIP-HOP

venres 6.11, 20.30h | Auditorio Martín Códax de Vigo

LA LYRE DU DÉSSERT

sábado 7.11, 20.30h | Auditorio Martín Códax de Vigo

ANTISTROFAS. HISTORIA DUNHA ENCOMENDA

domingo 8.11, 20.30h | Auditorio Martín Códax de Vigo

ASÍ PASEN 25 ANOS: ENRIQUE X. MACÍAS